


INFORME DE RESULTADOS DO PLAN ANUAL DE AVALIACIÓN DAS USUARIAS E USUARIOS

Curso 2016/2017

R4 MC-05 P1



Durante o curso 2016/2017 desenvolvéronse as actividades de avaliación de satisfacción formalizadas no PAESU, agás as relativas as fichas número 3 que se refiren ao grupo de egresados e egresadas. O motivo desta exclusión foi a coincidencia da iniciativa realizada, por primeira vez, dende a Área de Calidade da UVigo en relación con este colectivo que tiña o mesmo obxectivo: coñecer a situación deste grupo de interese, unha vez rematados os estudos, a través dunha enquisa.

No que se refire á ficha 1 (2016-PAESU/01) consistente nas reunións cos Delegados/as de cada curso do grao en Xeografía e Historia e representantes da Delegación do estudantado, para avaliar a dinámica do curso e do centro por parte do decanto/coordinación de Calidade, tiveron lugar tres xuntanzas a inicio de curso e ao remate de cada un dos dous cuatrimestres (28/09/2016, 13/02/2017 e 15/05/2017), con resultados satisfactorios, xa que nas dúas a asistencia foi xeneralizada e houbo interesantes aportacións dende as perspectivas de representación do estudantado. Os aspectos máis salientables destas xuntanzas foron expostos á Coordinadora do grao, así como na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e nos casos necesarios remitidas aos organismos pertinentes, tal e como figura nas actas relativas aos informes. Sen dúbida esta actividade resultou altamente satisfactoria e contribuíu a mellora continuada.

Así mesmo, no que se refire a ficha 2 (2016-PAESU/02), que ten como obxecto avaliar a dinámica do curso na modalidade semipresencial e do centro co estudantado da modalidade semipresencial, tamén coa supervisión por parte do decanto/coordinación de Calidade, se celebrou unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso (19/10/2016) e outras dous ao remate de cada un dos dous cuatrimestres (29/03/2017 e 31/05/2017), con resultados satisfactorios. Se ben neste caso a asistencia foi menor, dadas as condicións intrínsecas a este tipo de alumnado, os asistentes o fixeron en representación do resto, xa que trátase dun grupo ben coordinado e en constante comunicación a través das novas tecnoloxías. Do mesmo xeito que no caso anterior, aquelas cuestións máis salientables foron expostas á Coordinadora do grao, así e na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e froito delas, debatiuse e aprobouse en ambos organismos un documento que incluía os requisitos mínimos de material docente que se debe incluír en cada unha das materias na plataforma Moodle.